



Referencia: 704/2024

Data: 13 de setembro de 2024

Asunto: NOTIFICACION SECRETARIO CMD CR - FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA G27033737

Destinatario: FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA

NOTIFICACIÓN

Por medio do presente escrito notifícolle para o seu coñecemento que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense, na sesión ordinaria que tivo lugar o 12-09-2024, tomou, entre outros, o acordo que de seguido se reproduce na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

6.- Aprobación, se procede, de concesión de subvención á Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia para a organización do “Campionato Galego de Inverno 2024”. -Liña 1, ano 2024-. (Exp. 704/2024)

O Consello Reitor, de conformidade coa proposta que forma parte do expediente, por UNANIMIDADE dos seus membros (9 votos), acorda:

Primeiro.- *Aprobar a concesión dunha subvención polo importe de 1.800 € á Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia, con CIF G-27033737, ao abeiro da convocatoria de subvencións en materia deportiva do ano 2024 do CMD - liña 1- (BOP núm. 123 do 26 de xuño do 2024), para a organización do “Campionato Galego de Inverno 2024”, con cargo á aplicación 3410-48010 dos orzamentos do Consello Municipal de Deportes vixentes.*

Segundo.- *Notificarlle o presente acordo á entidade solicitante.*

RÉXIME DE RECURSOS.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

